

ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020

CENTRO: IES DE QUIROGA
CURSO: 3º ESO
MATERIA: Lingua Galega e Literatura
DEPARTAMENTO: Lingua Galega e Literatura
DATA: 12/05/2020

Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

ÍNDICE

- 1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.**
- 2. Avaliación e cualificación.**
- 3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)**
- 4. Información e publicidade.**

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles

Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
Ampliar o vocabulario básico relacionado coa paisaxe natural.	Coñece e aplica o vocabulario que conforma o campo semántico da paisaxe natural.
Escribir correctamente palabras con e sen <i>h</i> e coñecer o uso da diérese.	Escribe correctamente palabras con e sen <i>h</i> . Coñece o uso da diérese e utilízaa correctamente.
Analizar formas verbais morfoloxicamente e conxugar verbos regulares e irregulares.	Analiza o lexema e as desinencias dunha forma verbal e indica os valores que estas achegan. Coñece e utiliza correctamente as formas verbais dos verbos regulares e con alternancia vocálica. Coñece e utiliza correctamente as formas verbais dos verbos irregulares.
Coñecer a relevancia de Rosalía de Castro no ámbito da literatura e da cultura galega en xeral.	Coñece a contribución de Rosalía de Castro á vida cultural e literaria galega e comenta algúns dos seus poemas.
Ampliar o vocabulario básico relacionado coa xustiza e as leis.	Coñece e aplica o vocabulario que conforma o campo semántico da xustiza e as leis.
Escribir correctamente palabras con s e con x e diferenciar entre <i>senón</i> e <i>se non</i>	Escribe correctamente palabras con s e con x. Diferencia e usa correctamente o par homófono <i>senón/se non</i> .
Identificar e utilizar correctamente as formas non persoais dos verbos e as perífrases verbais.	Identifica e analiza as formas nominais dos verbos. Utiliza correctamente o infinitivo conxugado. Identifica e utiliza correctamente as perífrases verbais e sabe clasificalas segundo o valor que acheguen.

Coñecer a figura de Curros Enríquez e as súas obras máis importantes.	Coñece a contribución de Curros Enríquez á cultura e á literatura. Analiza e compón coplas dos Maios.
Ampliar o vocabulario básico relacionado coa ecoloxía.	Coñece e aplica o vocabulario que conforma o campo semántico da ecoloxía.
Escribir correctamente palabras con <i>l</i> e con <i>ll</i> , e palabras con <i>n</i> e con <i>ñ</i> .	Escribe correctamente palabras con <i>l</i> e con <i>ll</i> . Escribe correctamente palabras con <i>n</i> e con <i>ñ</i> .
Identificar, clasificar e analizar adverbios e locucións adverbiais.	Identifica, clasifica e analiza adverbios e locucións adverbiais.
Escribir correctamente palabras que conteñen grupos consonánticos e diferenciar o uso de <i>por que</i> , <i>porque</i> e <i>porqué</i> .	Utiliza correctamente os grupos consonánticos <i>-cc-</i> e <i>-ct-</i> segundo o contexto no que aparezan. Utiliza correctamente os grupos consonánticos <i>bl</i> , <i>pl</i> , <i>cl</i> , <i>fl</i> , <i>gl</i> . Diferencia as palabras <i>por que</i> , <i>porque</i> e <i>porqué</i> .
Identificar as preposicións e locucións preposicionais e recoñecer a súa función.	Identifica e utiliza correctamente preposicións e locucións preposicionais e identifica a súa función na frase. Analiza unha frase preposicional.
Diferenciar o uso de <i>haber</i> e <i>a ver</i> , e de <i>hai</i> , <i>aí</i> , <i>ai!</i>	Entende e aplica a diferenza entre <i>haber</i> e <i>a ver</i> , e entre <i>hai</i> , <i>aí</i> e <i>ai!</i>
Identificar as conxuncións e as locucións conxuntivas, e recoñecer as conxuncións.	Identifica e clasifica conxuncións e locucións conxuntivas segundo a función que desempeñen dentro da frase ou da oración. Recoñece e utiliza interxeccións segundo a situación comunicativa.

Pode facerse tamén seguindo o modelo que se teña na programación didáctica respectiva

2. Avaliación e cualificación

Avaliación	Procedementos: traballos diarios desenvolvidos na AV como: probas de comprensión e expresión , actividades do libro de texto, corrección de exercicios, uso das TIC, etc.
	Instrumentos: traballo na AV.
Cualificación final	<p>Debido a esta situación excepcional, a nota da terceira avaliación será valorada en función do traballo recollido na AV cun máximo de 1,5 puntos e só contará para beneficiar o alumno/a e subir nota, é dicir, nunca contará como suspenso. Para acadar esta nota o alumnado deberá ter subidas e corrixidas todas as tarefas traballadas na AV</p> <p>A nota da avaliación ordinaria final é o resultado da media entre as notas da 1ª e 2ª avaliación á que se lle poderá sumar a nota que o alumno/a acade na 3ª avaliación.</p>
Proba extraordinaria de setembro	En función de que a situación de excepcionalidade o permita, realizarase unha proba escrita presencial. Se isto non fose posible avaliarase cun traballo a través da AULA VIRTUAL.
Avaliación de materia pendentas	Criterios de avaliación: Os que figuran na <i>Programación Anual</i> do curso.
	Criterios de cualificación: Para ter unha avaliación positiva, o alumnado deberá obter un mínimo de 5 puntos (a cualificación será numérica de 0 a 10 puntos). Ademais, deberá presentar todos os traballos e actividades realizadas durante o curso. Como no resto dos exames do curso penalizarase 0,10 p por cada erro ata un máximo de 2 puntos.
	Procedementos e instrumentos de avaliación: Neste caso a totalidade da nota, isto é o 100% sairá dun caderno e/ou tarefa que será entregado aos alumnos, nuns casos por correo electrónico e noutros xa foi entregado persoalmente.

3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)

Actividades	Actividades de recuperación, repaso, reforzo e ampliación relacionadas cos estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles. Todas elas pódense ver na Aula Virtual.
Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade):	<p>PARTE PRÁCTICA: Consiste fundamentalmente nun repaso da materia vista polo alumnado en avaliacións anteriores, afondando nos aspectos máis característicos da lingua galega. Traballamos tanto co libro de texto como con material facilitado polo profesorado. Dedicamos unha parte importante a traballar con exames anteriores das probas de acceso á Universidade, para que o alumnado coñeza a estrutura desta proba.</p> <p>PARTE TEÓRICA: Desenvolvemos e comentamos os temas teóricos de lingua e sociedade e os de Literatura e tamén se recorre á autoavaliación, o que permite ao alumnado non só ser máis consciente dos seus erros e así rectificalos, senón comprender mellor a avaliación como algo fundamental no proceso de ensino-aprendizaxe.</p> <p>Aínda que si é certo que parte do alumnado non responde ás actividades non se detecta alumnado sen conectividade.</p>
Materiais e recursos	Á parte do libro de texto utilízanse todos aqueles que a profesora considerou útiles: materiais impresos, material audiovisual diverso, ademais das TIC (fundamentalmente Internet).

4. Información e publicidade

Información ao alumnado e ás familias	Aula Virtual do centro.
Publicidade	Publicación obrigatoria na páxina web do centro.